

Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Mos para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Fabricación Mecánica

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra, dona Nidia M^a Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos en nome e representación do mesmo, designada na sesión do pleno da corporación do dezasete de xuño do dous mil vinte e tres que actúa en nome e representación da citada institución e no exercicio das competencias que lle outorga a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que a formación profesional capacita o alumnado para o desempeño cualificado das diversas profesións, o

acceso ao emprego, a participación activa na vida social, cultural e económica, e a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais.

2. Que a Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, especifica no seu artigo 55 que o carácter dual da formación profesional se desenvolverá mediante unha distribución adecuada dos procesos formativos entre os centros de formación profesional e as empresas ou os organismos equiparados, contribuíndo ambos ao logro das competencias previstas en cada oferta de formación, e que se promoverá a corresponsabilidade coa formación profesional dos centros e das empresas ou dos organismos equiparados.

No seu artigo 65 establece que todas as ofertas formativas de formación profesional, efectuaranse, con carácter xeral, baixo o réxime xeral ou o réxime intensivo, e no artigo 67 indica que o réxime intensivo caracterízase por unha duración da formación na empresa ou organismo equiparado superior o 35% da duración total da formación, participación da empresa ou organismo equiparado en máis dun 30% dos resultados de aprendizaxe e a existencia dun contrato de formación coa empresa.

3. Que o Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia contempla entre os seus principios, definir unha oferta integrada, acumulativa, inclusiva, personalizada e adaptada ás necesidades da poboación e ás particularidades do territorio galego, e deseñar plans de formación específicos á medida das necesidades das empresas ou organismos equiparados; así como dar resposta ás demandas de capital humano aliñando as necesidades de competencias profesionais por parte das empresas ou organismos equiparados coa oferta formativa.

4. Que de acordo co Decreto 46/2010, do 11 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao Título de Técnico en Soldadura e Caldeiraría, a competencia xeral deste título consiste en executar os procesos de fabricación, montaxe e reparación de elementos de caldeiraría, canalizacións, estruturas metálicas e carpintaría metálica aplicando as técnicas de soldadura, de mecanizado e de conformación, e cumprindo as especificacións de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental. No seu

artigo 11 establece os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas do ciclo formativo Soldadura e Caldeiraría.

5. Que o Concello de Mos, participará activamente para a implantación de ensinanzas de formación profesional da familia de Fabricación Mecánica no concello e colabora aportando os espazos e os equipamentos necesarios na Axencia de Colocación do Concello de Mos, que dispón dun taller de soldadura totalmente equipado, para ter a oferta do ciclo medio de Soldadura e Caldeiraría no concello.

No Inventario de Bens Urbanos do Concello de Mos (anexo) figura baixo o nome "Centro de Formación Ocupacional Concello de Mos", situado no Monte Faquiña (Tameiga) cunha superficie de terreo de 1.300 metros² e edificio 1.400 m² e uso e destino actual centro de formación.

As aulas onde se impartirá o curso de soldadura e calderaría están ubicadas na planta baixa no edificio que segundo a ficha descritiva do Inventario de Bens Municipal aprobado en marzo de 1993 que aporta Secretaría do Concello de Mos corresponden coa seguinte descripción e reportaxe fotográfico :

- Aula 0.03 SOLDADURA = 81,58 m² + local anexo 5,86 = 87,44 m²
- Equipada con 10 postos de traballo de soldadura .
- Aula 0.03 OXICORTE = 86,45 m² + local anexo 7,20 = 93,65 m²
- Equipada con 5 postos de traballo de soldadura .
- Aula 0.02 CALDERERÍA = 67,99 m² + local anexo 7,87 = 75,86 m²
- AULAS EN PLANTA BAIXA DE SUPERFICIE TOTAL = 256,95 m²

O uso está como compatible no vixente PXOM dentro do uso Administración pública: Categoría 2ª e como equipamento local administrativo.

6. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Mos están dispostos a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

En consecuencia, ambas as partes acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto de presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Mos, para a implantación ensinanzas de formación profesional da familia de Fabricación Mecánica neste concello, concretamente o ciclo formativo de grao medio Soldadura e Caldeiraría.

Segunda. Autorización das ensinanzas

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional autorizará no IES de Mos a posta en funcionamento e organización, para o curso 2026-2027, do ciclo formativo de grao medio Soldadura e Caldeiraría, previa comprobación de que se cumpran os requisitos de espazo e equipamentos recollidos no Decreto 46/2010, do 11 de marzo, e demais normativa de aplicación.

Terceira. Compromisos do Concello de Mos

O Concello de Mos **comprométese, previa realización dos trámites administrativos necesarios, a poñer a** disposición na Axencia de Colocación do Concello de Mos, as instalacións necesarias, **(descritas nos antecedentes)** entre elas o taller de soldadura totalmente equipado, para impartir as ensinanzas ciclo formativo de grao medio Soldadura e Caldeiraría, no horario de impartición destas ensinanzas de formación profesional.

O concello farase cargo do mantemento das instalacións, como titular das mesmas, así como tamén dos gastos xerais de funcionamento (electricidade, auga, limpeza, calefacción, internet, teléfono, conserxería, e calquera outros que teñan tal consideración) necesarios para impartición das referidas ensinanzas de formación profesional.

A Concellaría de Educación e Emprego ten recollida nos orzamentos aprobados do ano 2026 as partidas orzamentarias que recollen estes gastos xerais, e que son aprobados anualmente nos orzamentos do Concello, polo que o impacto económico para o Concello non aumenta o anualmente contemplado.

Cuarta. Compromisos do Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional aportará o persoal docente necesario e asumirá os gastos de material funxible e de produtos consumibles necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio.

Estes gastos asumiranse a través das partidas do capítulo I (gastos de persoal) e do capítulo II (gastos en bens correntes e servizos) da consellería, non supoñendo incremento ningún de gasto para a consellería e sen que se realice ningún pagamento ao Concello de Mos.

Actívase obrigatoriamente o artigo 24 da Lei 31/1995 de Prevención de riscos laborais (PRL). O Concello (como titular do Centro) e a Consellería (como empregadora do profesorado e xestora da formación) deberán asinar antes do inicio do curso escolar un protocolo de coordinación, así como unha comisión paritaria regulada na Cláusula Sexta que realizará as funcións de seguimento do desenvolvemento da formación e resolución de calquera desacordo en canto a orixe de avarías ou incidencias.

Así mesmo, a Consellería farase cargo da póliza de accidentes correspondente ao alumnado das ensinanzas obxecto deste convenio.

Quinta. Desenvolvemento e supervisión das ensinanzas

Estas ensinanzas formarán parte da oferta formativa do IES de Mos, para todos os efectos académicos e administrativos. Correspóndelle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o establecemento, o desenvolvemento e a supervisión dos plans educativos propios da consellería. O centro, nos seus ciclos formativos específicos, queda sometido ao servizo de inspección educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, segundo a normativa vixente para os centros públicos.

Sexta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, co obxecto de determinar a programación e o seguimento das accións previstas neste convenio.

Esta comisión reunirse cando se considere oportuno por calquera das partes e estará constituída por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- Dúas persoas representantes do Concello de Mos.

- Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que actuará como secretaria.

Sétima. Vixencia do convenio

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes. En todo caso, a supresión das ensinanzas realizarse curso a curso ata a súa extinción definitiva.

Oitava. Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

No caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos ata a data en que esta se produza.

Serán causas de resolución:

- a. Transcurso do prazo de vixencia sen haberse acordado prórroga.
- b. O acordo unánime das partes.
- c. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- d. Por declaración xudicial de nulidade.
- e. Por calquera outra causa prevista nas leis.

Novena. Obrigas económicas

Da aplicación deste convenio non se derivará contraprestación económica algunha entre as partes asinantes do mesmo.

Décima. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o alumnado, os centros educativos e o concello que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décimo primeira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, as partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

A alcaldesa do Concello de Mos

Nidia M^a Arévalo Gómez